

CONTRATO DO ACORDO MARCO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GALICIA EN DATAS RELEVANTES PARA A COMUNIDADE AUTÓNOMA

EXPEDIENTE: AM 2/2019

S U S C R I B E N

Dunha parte, Dona María Mar Sánchez Sierra, na súa calidade de secretaria xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Disposición Adicional Segunda do *Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*.

Doutra parte, Don Domingo Manuel Torrón Alabau, con DNI 32815491B, actuando en nome e representación da empresa Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas SAU con NIF A15050842, e enderezo a efectos de notificación na rúa Rúa Durán Loriga, 2-2º, 15003 A Coruña empresa inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2732.

Ambas partes recoñécense reciprocamente competencia e capacidade xurídica para formalizar o presente contrato e fan constar como

ANTECEDENTES

Primeiro. O 29.04.2019 a Secretaría Xeral de Medios anunciou a licitación do *Acordo Marco dos servizos de produción e difusión de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a Comunidade Autónoma*.

As publicacións do anuncio de información previa e da licitación realizáronse nos DOUE do 15.01.2019 e do 2.05.2019 respectivamente. O anuncio da licitación publicouse no perfil do contratante o 30.04.2019.

Segundo. Este acordo marco ten un orzamento máximo estimado de 2.570.000,00 euros (IVE engadido). e o valor estimado é de 3.055.371,87 euros, determinado polo conxunto dos contratos derivados a realizar durante a vixencia do acordo marco.

As sucesivas licitacións dos contratos derivados serán con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0 dos orzamentos da Comunidade autónoma para os anos 2019 e 2020.

Terceiro. Mediante resolución do 12 de xuño de 2019 adjudicouse o *Acordo Marco dos servizos de produción e difusión de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a Comunidade Autónoma* ás empresas:

Licitadores
Avante Evolución de Medios S.L.U
Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas SAU
C Grupo de empresas de Comunicación, Marketing e Investigación SA



De acordo coa lexislación vixente e de acordo co establecido no apartado 3 da sección II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o acordo marco, formalízase esta adxudicación mediante o presente contrato administrativo que quedará suxeito as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O presente contrato ten por obxecto a incorporación da empresa Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas SAU. ao Acordo Marco dos servizos de produción e difusión de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a Comunidade Autónoma, de conformidade coas condicións establecidas nos pregos que rexen para o mesmo.

Segunda. Orzamento do acordo marco.

Este acordo marco ten un orzamento base de licitación de 2.570.000,00 euros (IVE engadido).

Deste acordo marco non se derivan obrigas económicas. As ditas obrigas económicas serán exclusivamente as que resulten dos contratos baseados no Acordo Marco que se perfeccionen.

Terceira. Prezos unitarios

As ofertas económicas presentadas no Acordo marco e vinculantes para os contratos baseados son as seguintes:

Medio	Tipo	Formatos	Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas SAU
Televisión líder en Galicia con segmentación publicitaria	Spot	20"	106,95
		30"	160,43
Xornais escritos	Gráfica	Páxina	26,75
		Rouba páxinas	26,30
		Dobre columna vertical	17,00
		½ Páxina	21,65
Radio	Cuña	20"	4,98
		30"	5,26
	Mención	30"	310,15
Edicións dixitais dos medios de comunicación	Banner gráfico		9,20
Exterior			195,00

% comisión axencia	Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas SAU
Entre 0,00 - 2,00%	0,50%

Os prezos unitarios que oferte cada licitador no acordo marco terán a consideración de máximos aos efectos de realizar a súa oferta no contrato baseado correspondente.

O seu incumprimento será causa de exclusión do procedemento de licitación do contrato baseado correspondente.



Cuarta. Duración do Acordo Marco.

A duración deste acordo marco é de 19 meses a partir do día seguinte ao da sinatura, con posibilidade de prórroga por un período máximo de 6 meses.

Quinta. Obrigas.

O contratista obrígase a realizar o contrato de acordo coas condicións que se establecen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexen esta contratación, en particular, á oferta presentada, e demais documentos de carácter contractual que figuran no expediente aprobado pola Secretaría Xeral de Medios.

O contratista está obrigado a subministrar á Secretaría Xeral de Medios, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquel das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, coas consecuencias que se poidan derivar no caso de incumprimento, nos termos establecidos no artigo 4.4 da dita lei.

Sexta. Contratos baseados.

Durante a vixencia do Acordo Marco licitarase a elaboración, produción e difusión de campañas de institucionais e de comunicación nos anos 2019 e 2020.

Cada contrato baseado comprende:

- Elaboración da estratexia da campaña e dos plans de medios de cada unha das campañas de comunicación institucional a realizar no período de duración do contrato e a avaliación correspondente.

- Adquisición dos espazos publicitarios nos medios e soportes establecidos no marco do plan de medios.

Sétima. Escritura pública.

O presente contrato poderá elevarse a escritura publica cando o solicite o adxudicatario, sendo pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

Oitava. Aceptación de pregos.

O contratista presta a súa aceptación aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos pregos de prescricións técnicas particulares que rexen para este contrato, que declara coñecer, e que ambas partes consideran como incorporados e formando parte íntegra do mesmo, e sométese en canto ao non recollido neles, aos preceptos Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Novena. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten natureza administrativa, e durante a súa vixencia o órgano de contratación ostentará as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz das súas execucións, suspender as execucións destes, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Así mesmo ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do acordo marco e dos seus contratos baseados nos termos e límites sinalados no artigo 190 da LCSP.



As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Os devanditos acordos poderán ser recorridos potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano de contratación ou ser impugnados directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que non se resolverse expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Para a debida constancia de todo o convido, asinase este contrato na data reflectida na marxe.

POLA ADMINISTRACIÓN

POLA EMPRESA CONTRATISTA

Mar Sánchez Sierra

Domingo Manuel Torrón Alabau